

Programa 4: 05.80.313B.481.1 por importe de 564.285,64 €.

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

*Disposición derradeira*

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2008.

Ana Luisa Bouza Santiago  
Directora do Servizo Galego de Promoción  
da Igualdade do Home e da Muller

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

*Decreto 214/2008, do 11 de setembro,  
polo que se aproban os estatutos do Colexio  
Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros  
Químicos de Galicia.*

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfírese, no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29º do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, dita en virtude da citada competencia, dispón no seu artigo 16, en relación co 18, que os colexios profesionais gozarán de autonomía para a elaboración, aprobación e modificación dos seus estatutos, sen máis límites que os establecidos polo ordenamento xurídico.

O Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia, creado mediante Lei 15/2007, do 13 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia, acordou, na súa asemblea xeral constituínte, que tivo lugar o 28 de xuño de 2008, a aprobación dos seus estatutos definitivos, adaptados ao disposto na Lei 11/2001, do 18 de setembro. Os ditos estatutos foron comunicados á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para os efectos

da súa aprobación definitiva, logo da súa cualificación de legalidade.

Tendo en conta o exposto, en virtude do uso da competencia que ten atribuída polo artigo 34.5º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de setembro de dous mil oito,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Aprobación dos estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia.

Apróbanse, por seren adecuados á legalidade, os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia, que figuran como anexo a este decreto.

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de setembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

**ANEXO**

**Estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros  
Químicos de Galicia**

TÍTULO I  
DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.-*Denominación.*

A denominación deste colexio profesional é a de Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia.

Artigo 2º.-*Natureza xurídica.*

1. O Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia (no sucesivo, o colexio) é unha corporación de dereito público e de carácter profesional, amparada pola lei, con personalidade xurídica propia, que se rexerá polas leis e disposicións vixentes na materia e polas prescricións destes estatutos.

2. O colexio ten plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. En consecuencia, e de acordo coa legalidade vixente, pode adquirir, vender, allear, posuír, reivindicar, permutar, gravar toda clase de bens e dereitos, realizar contratos, obrigarse a exercer accións e interpor recursos en todas as vías e xurisdicións para o cumprimento dos seus fins.

3. O colexio funcionará baixo o principio de estrutura interna democrática, independentemente das

administracións públicas, sen prexuízo das relacións de dereito público que con elas lle corresponda.

Artigo 3º.-*Ámbito territorial.*

O ámbito territorial do colexio é o correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4º.-*Sede do colexio.*

O domicilio e sede do colexio radicará en Santiago de Compostela, na rúa Lope Gómez de Marzoa s/n, Escola Técnica Superior de Enxeñaría, sen prexuízo de levar a cabo reunións en calquera lugar do seu ámbito territorial. A asemblea xeral poderá, en todo caso, acordar unha nova sede dentro do ámbito territorial, promovendo a correspondente modificación estatutaria.

Artigo 5º.-*Relacións coa Administración.*

O colexio, nas cuestións relativas aos aspectos institucionais e corporativos, relaciónase coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ou a competente en materia de colexios profesionais e, nas cuestións referentes ao contido da profesión ou actividade profesional, coa consellería que corresponda ou coa Administración competente por razón da materia.

Artigo 6º.-*Do uso do galego.*

1. O galego é o idioma propio do colexio. O castelán é tamén lingua oficial.

2. De acordo co artigo 4 da Lei 15/2007, do 13 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia, o colexio procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións internas e externas.

TÍTULO II

FINS E FUNCIÓNS DO COLEXIO

Artigo 7º.-*Fins do colexio.*

1. Son fins esenciais do colexio os que a título enunciativo e non limitativo se relacionan a seguir:

a) A ordenación, no ámbito da súa competencia e de acordo co establecido polas leis, do exercicio da profesión da enxeñaría química, en diante a profesión, en todas as súas formas e especialidades, a representación exclusiva desta profesión e a defensa dos intereses profesionais dos titulados e tituladas.

b) Velar pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio da profesión de enxeñaría química, mediante a promoción, salvagarda e observancia dos principios deontolóxicos e éticos da profesión e da súa dignidade e prestixio.

c) A defensa dos intereses profesionais dos colexiados e a representación exclusiva do exercicio da profesión en cuestións de ámbito autonómico.

d) Promover o progreso da enxeñaría química e o aumento das súas competencias e o prestixio da profesión.

e) Lograr a constante mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados e colexiadas, mediante a promoción e fomento do progreso das actividades propias da profesión, da investigación, desenvolvemento e innovación científica e técnica, así como da solidariedade profesional e do servizo da profesión á sociedade.

f) Cooperar na mellora dos estudos conducentes á obtención do título de enxeñeiro/a químico/a, favorecendo as ensinanzas técnicas profesionais de investigación relacionadas coa carreira, facilitando a formación técnica que capacite para as funcións da profesión, promovendo para este efecto o entendemento entre os centros de ensino e as empresas, co fin de obter o máximo nivel científico e técnico e de aplicación da enxeñaría química.

g) Contribuír á mellora continua da formación de posgrao dos seus colexiados.

h) Colaborar coas administracións públicas na consecución dos dereitos individuais e colectivos da profesión recoñecidos pola Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia.

i) Promover o desenvolvemento industrial sustentable e a compatibilidade das industrias coa conservación do ambiente.

2. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo das competencias das administracións públicas por razón da relación funcional.

3. O cumprimento dos devanditos fins desenvólvese no ámbito estritamente profesional: quedan excluídas aquelas actividades que a Constitución lles atribúe especificamente aos partidos políticos, aos sindicatos e a outras asociacións.

Artigo 8º.-*Funcións.*

Para o cumprimento dos devanditos fins, o colexio exercerá as funcións encomendadas na lexislación estatal e autonómica e, como propias, as seguintes:

a) Facilitarlles aos seus membros o exercicio da profesión, procurando a colaboración entre todos eles.

b) Asesorar as administracións públicas, corporacións oficiais e persoas ou entidades particulares en todos aqueles asuntos que directa ou indirectamente afecten a profesión ou os seus colexiados e colexiadas, realizando estudos, emitindo informes, resolvendo consultas, redactando pregos de condicións técnicas e económicas, actuando en arbitraxes e demais actividades relacionadas cos fins que puidesen solicitarlles ou por iniciativa propia.

c) Emitir informe sobre os proxectos de lei e as disposicións de calquera rango que teñan incidencia na actividade da enxeñaría química ou que se refiran ás condicións xerais da súa función profesional e á súa correlación con outras profesións, co ensino, ás súas atribucións, aos seus honorarios orientativos ou ao réxime de incompatibilidades.

d) Exercer a representación e defensa da profesión ante as administracións públicas, institucións, tribunais ou entidades e particulares, con lexitimación para ser parte en todos aqueles litixios que afecten os intereses profesionais, en defensa dos seus dereitos e honorarios producidos polos seus traballos, así como exercer o dereito de petición conforme a lei.

e) Participar nos consellos ou organismos consultivos das distintas administracións públicas en materia da súa competencia profesional, cando as súas normas reguladoras o permitan, así como estar representado nos órganos de participación social existentes.

f) Participar na elaboración dos plans de estudo das ensinanzas universitarias ou de formación profesional que teñan relación coas actividades propias da profesión e emitir informe sobre a posible creación de escolas universitarias de enxeñaría química, mantendo contacto con estas, e preparar a información necesaria para facilitar o acceso á vida profesional dos novos titulados e tituladas. Esta participación non terá en ningún caso carácter vinculante.

g) Estar representados, se é o caso, nos consellos sociais das universidades onde se impartan os estudos de enxeñaría química, de conformidade co que establece a lexislación vixente.

h) Cooperar coa Administración de xustiza e demais organismos oficiais na designación de Colexiados e Colexiadas que puidesen ser requiridos para realizar informes, ditames, taxacións, peritaxes ou outras actividades profesionais, para o que se facilitará periodicamente, e sempre que o soliciten, a relación de Colexiados dispoñibles para estes efectos.

i) Colaborar coa Administración xeral do Estado e administracións autonómicas na realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que lle sexan solicitadas ou decida formular por iniciativa propia.

j) Ordenar, no ámbito das súas atribucións, a actividade profesional dos seus membros, que deberá realizarse en réxime de libre competencia, e suxeitarse, en canto á oferta de servizos e á fixación da súa remuneración, á Lei sobre defensa da competencia e á Lei sobre competencia desleal. Así mesmo, velar pola ética, a deontoloxía e a dignidade profesional e polo debido respecto aos dereitos dos particulares, exercendo, se cabe, a facultade disciplinaria na orde profesional e Colexial.

k) Establecer baremos de honorarios, que terán carácter simplemente orientativo. Os acordos, decisións e recomendacións con transcendencia económica observarán, inescusablemente, os límites da Lei sobre defensa da competencia e a Lei sobre a competencia desleal.

l) Encargarse do cobramento das percepcións, remuneracións ou honorarios profesionais de traballos previamente visados, só por petición libre e expresa dos Colexiados e Colexiadas, nas condicións

que se determinen nestes estatutos ou na correspondente normativa do Colexio, así como comparecer ante os tribunais de xustiza, por substitución destes, exercendo as accións procedentes en reclamación dos honorarios que teñen dereito a percibir no exercicio da profesión.

m) Impedir e, se é o caso, denunciar ante a Administración, e incluso perseguir ante os tribunais de xustiza, todos os casos de intrusismo profesional que afecten a enxeñaría química e o exercicio da profesión.

n) Intervir, pola vía da conciliación ou arbitraje, nas cuestións que, por motivos profesionais, se susciten entre os seus membros.

o) Resolver por laudo, por instancia das partes interesadas, as discrepancias que poidan xurdir sobre o cumprimento das obrigas dimanantes dos traballos realizados polos Colexiados no exercicio da profesión.

p) Realizar os recoñecementos de sinatura ou o visado de proxectos, informes, ditames, valoracións, peritaxes e demais traballos realizados polos seus membros no exercicio da súa profesión, de conformidade co establecido no artigo 9º, así como editar e distribuír impresos dos certificados oficiais que para esta función aproben os órganos de goberno.

q) Manter un activo e eficaz servizo de información sobre os postos de traballo que poden desenvolver as enxeñeiras e enxeñeiros químicos co fin de conseguir unha maior eficacia no seu exercicio profesional.

r) Emitir informes nos procedementos xudiciais ou administrativos en que se discutan honorarios.

s) Organizar actividades e servizos comúns de interese para os Colexiados e Colexiadas, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial e de previsión.

t) Cumprir e facerlles cumprir aos Colexiados e Colexiadas os estatutos, así como as normas e acordos adoptados polos órganos de goberno en materia da súa competencia.

u) Todas as outras funcións que lle sexan atribuídas polas disposicións vixentes e que beneficien os intereses profesionais dos seus membros ou da profesión.

#### Artigo 9º.-*Visado de traballos profesionais.*

1. O visado é un acto Colexial de control profesional, que comprende a acreditación da identidade do Colexiado ou Colexiada, as súas atribucións para levar a cabo o traballo, a non incompatibilidade do profesional e non estar suxeito a sanción disciplinaria que impida a súa actuación. Así mesmo, supón a comprobación da suficiencia e corrección externa da documentación integrante do traballo.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, o Colexiado ou Colexiada asinante é responsable da calidade técnica do traballo que realiza e do seu axuste á normativa sectorial correspondente. O Colexio unicamente responde da corrección externa da

documentación integrante do traballo, pero non das previsións, cálculos e conclusións que o integran.

3. Os membros do colexio atópanse na obriga de someter a visado deste todos os traballos que realicen no exercicio libre da profesión, aboándolle ao colexio os dereitos de canon de visado. Unha normativa específica regulará o procedemento de visado.

4. Será necesario, para que o colexio proceda ao visado do proxecto, informe ou calquera outro traballo profesional, que o membro do colexio que sexa autor ou director facultativo do proxecto teña subscrito co interesado, empresa ou sociedade, unha folla de encargo ou contrato de dirección facultativa, respectivamente. Isto será tamén indispensable para a defensa dos dereitos do colexiado ou colexiada.

5. En ningún caso o visado comprenderá os honorarios nin as demais condicións contractuais, que se deixan ao libre acordo das partes; todo isto de conformidade coa lexislación sobre defensa da competencia e competencia desleal.

6. O colexio exixirá o visado dos traballos profesionais dos seus membros, tanto se actúan de maneira individual como asociada, por conta propia ou contratados ao servizo das empresas, sociedades, etc., que, legalmente constituídas, proxecten, dirixan ou realicen traballos que pertencen ao ámbito competencial da enxeñaría química.

7. Esta obrigatoriedade de visado faise extensible aos traballos profesionais realizados polos colexiados e colexiadas para as administracións públicas, cando estas, total ou parcialmente, remuneren os ditos servizos en concepto de honorarios profesionais.

8. O colexio velará para que as administracións públicas que deban autorizar ou tramitar un traballo profesional só o admitan se este foi previamente sometido ao trámite de visado correspondente.

9. Cando o visado dun traballo deba facerse nun colexio distinto a aquel en que estivese inscrito o enxeñeiro/a asinante, este deberá someterse á normativa do colexio en que vise o seu traballo.

### TÍTULO III DOS COLEXIADOS

#### CAPÍTULO I ADQUISICIÓN E DENEGACIÓN DA CONDICIÓ DE COLEXIADO

##### Artigo 10º.-*Obrigatoriedade de colexiación.*

1. O colexio agrupará obrigatoriedade todas as persoas españolas e estranxeiras que, por estaren en posesión do título oficial de enxeñaría química expedido polo Estado, ou dos títulos comunitarios ou estranxeiros que se homologuen a estes, desenvolvan actividades propias da profesión ou exerzan función ou cargo en razón dos devanditos títulos con domicilio profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes serán os chamados colexiados e colexiadas de número.

2. Exceptúase da colexiación obrigatoria a profesionais vinculados coa Administración pública

mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral, cando o destinatario da súa actuación, ben sexa para o exercicio de funcións puramente administrativas ou para a realización de actividades propias da profesión por conta da Administración a que pertencen, sexa esa Administración.

3. De conformidade co disposto no artigo 2.3º da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, abondará coa colexiación nun só colexio territorial, que será o do domicilio profesional único ou principal. O exercicio no ámbito territorial doutro colexio diferente ao de adscrición deberá comunicarse mediante o procedemento que se regula no artigo 15º destes estatutos.

##### Artigo 11º.-*Incorporación.*

1. De acordo o artigo 3.1º da Lei 15/2007, do 13 de decembro, poderanse integrar no colexio aquelas persoas profesionais que estean en posesión do título universitario oficial de enxeñeiro químico/enxeñeira química, obtido de conformidade co disposto no Real decreto 993/1992, do 17 de xullo, ou do correspondente título estranxeiro equivalente debidamente homologado.

2. Voluntariamente poderá solicitar a súa colexiación quen estea en posesión dalgún daqueles títulos, e desexe incorporarse ao colexio como membro non exercente, ao non desenvolver actividade profesional ningunha.

3. A colexiación de nacionais dos diferentes Estados membros da Unión Europea que se atopen previamente establecidos, con carácter permanente, en calquera dos mencionados estados, rexerense pola normativa comunitaria. Os nacionais dun país non pertencente á Unión Europea poderán incorporarse ao colexio cando poidan exercer de acordo coa lexislación española e contén co permiso de residencia.

4. Os colexiados que se xubilen poderán seguir pertencendo ao colexio, de pleno dereito, sen que para iso sexa necesario satisfacer as cotas colexiais de carácter obrigatorio.

##### Artigo 12º.-*Solicitud de colexiación.*

Para adquirir a condición de colexiado será necesario presentar unha solicitude escrita ao presidente ou presidenta da Xunta de Goberno, á cal se lle xuntará a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte.

b) Fotocopia compulsada do título universitario orixinal ou certificación equivalente. No caso de non dispor do título, xustificante de ter aboados os dereitos da súa expedición, o cal terá obriga de presentar no colexio, para o seu rexistro, cando lle sexa facilitado.

c) Recibo acreditativo de aboamento da cota de incorporación correspondente.



Quen pretenda incorporarse ao colexio estando colexiado nun ámbito territorial diferente, deberá presentar certificado do colexio de orixe, no cal constará que está ao día das súas obrigas colexiais e que non está suspendido ou inhabilitado para o exercicio profesional como consecuencia dunha sanción colexial.

Artigo 13º.-*Prazo de resolución da solicitude de colexiación.*

1. A Xunta de Goberno resolverá no prazo máximo dun mes desde a súa formulación ou, se é o caso, desde que o interesado achegue os documentos necesarios ou se corrixan os defectos reparables da petición, de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Rematado ese prazo, máis o que se dea de acordo coa Lei 30/1992, sen que se resolva a solicitude de incorporación ao colexio, poderase entender aceptada esta nos termos establecidos no artigo 43 da citada Lei 30/1992.

3. O colexio está na obriga de emitir certificación acreditativa da aceptación da solicitude de colexiación, por silencio administrativo, cando sexa requirido para iso.

Artigo 14º.-*Denegación da colexiación.*

1. A solicitude de colexiación poderá ser denegada polos seguintes motivos:

a) Cando os documentos presentados sexan insuficientes ou ofrezan dúbidas respecto á súa autenticidade e non fosen completados ou emendados no prazo sinalado para o efecto, ou cando o solicitante falsease os datos e documentación necesarios para a súa colexiación.

b) Cando o solicitante estea baixo condena imposta polos tribunais de xustiza que leve anexa unha pena accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión.

c) Cando estea suspendido no exercicio da profesión por outro colexio e non obteña a correspondente rehabilitación.

2. Se a Xunta de Goberno acordase denegar a colexiación, comunicarllo ao interesado dentro dos dez días seguintes ao da data do acordo, expresando os seus fundamentos e os recursos de que é susceptible.

3. Contra as resolucións denegatorias das peticións de incorporación, que se lle deberán comunicar ao solicitante de forma debidamente razoada, cabe recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, que deberá interporse no prazo dun mes desde a data de notificación da denegación de incorporación ao colexio.

4. Esgotada a vía administrativa, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos na Lei de xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 15º.-*Comunicación da actuación profesional.*

Os profesionais exercentes inscritos en calquera outro colexio de enxeñeiros químicos do territorio español poderán exercer a profesión no ámbito deste colexio sen necesidade de habilitación, estando obrigados unicamente a comunicarlle a este colexio a súa actuación no ámbito da comunidade de Galicia, co fin de quedaren suxeitos ás competencias de ordenación, control deontolóxico e potestade disciplinaria deste colexio.

Artigo 16º.-*Colexiación única e exercicio en territorio diferente ao de colexiación.*

1. O colexiado ou colexiada que desexe actuar no ámbito profesional doutro colexio deberá comunicalo previamente no seu colexio, detallando o lugar e servizo profesional concreto que constituía a actuación.

2. O colexio comunicará a devandita intervención, con anterioridade a esta, ao colexio do ámbito territorial en que se desenvolverá, detallando o nome e apelidos do colexiado, así como o servizo profesional concreto que constituía a actuación.

3. O colexio unicamente poderá negarse a expedir a certificación correspondente se o colexiado ou colexiada non está ao día das súas obrigas e cargas colexiais, ou se existe algunha causa que o inhabilite para o exercicio da profesión.

4. Unha vez cumprido o trámite anterior, o colexiado ou colexiada estará facultado para a realización do acto profesional. A citada comunicación esgotará os seus efectos co concreto servizo ou acto profesional que constituía o seu obxecto.

## CAPÍTULO II

### PERDA DA CONDICIÓN DE COLEXIADO

Artigo 17º.-*Perda da condición de colexiado.*

1. A condición de colexiado perderase en calquera das seguintes circunstancias:

a) Por petición propia, mediante instancia dirixida á Xunta de Goberno.

b) Por pena de inhabilitación para o exercicio profesional por sentenza xudicial firme ou pola resolución firme dun expediente disciplinario que imponha a expulsión do colexio.

c) Por falta de pagamento da cota colexial durante un ano ou doutras achegas establecidas polos órganos de goberno do colexio, tras o requirimento de pagamento co prazo de dous meses para o seu aboamento.

d) Expediente disciplinario segundo os estatutos.

e) Por falecemento ou incapacitación recoñecida xudicialmente.

2. En todo caso, a perda da condición de colexiado polas causas expresadas nos números 1 a), 1 b) e 1 c) deste artigo deberá ser comunicada por calquera medio do que quede constancia ao interesado, momento no que producirá efecto.

3. A perda da condición de colexiado non o exime do cumprimento das obrigas vencidas e non satisfeitas.

#### Artigo 18º.-*Reincorporación.*

1. Cando o motivo da baixa sexa o que dispón o artigo 17.1º a) destes estatutos, o solicitante deberá tramitar unha nova solicitude de admisión, excepto a presentación de documentos referentes á súa titulación, debendo aboar a cota de reincorporación que regulamentariamente estea establecida.

2. Cando o motivo da baixa sexa o que dispón o artigo 17.1º b) destes estatutos, o solicitante deberá acreditar o cumprimento da pena ou sanción que motivou a súa baixa colexial.

3. Cando o motivo da baixa sexa o que dispón o artigo 17.1º c) destes estatutos, o solicitante deberá satisfacer a débeda pendente máis os xuros legais, se procede, desde a data da orde de pagamento daquela.

#### CAPÍTULO III

##### COLEXIADOS DE HONRA E PRECOLEXIADOS

#### Artigo 19º.-*Colexiados de honra.*

A Xunta de Goberno poderá outorgarlles a distinción de colexiados de honra a aqueles colexiados que acorde en atención aos méritos ou servizos relevantes prestados a favor da profesión ou da enxeñaría química en xeral. Este título será outorgado, mediante acordo da asemblea xeral, por proposta da Xunta de Goberno.

A distinción citada tamén se lles poderá outorgar a aquelas persoas que, non sendo colexiadas, desenvolvesen unha carreira profesional relevante e publicamente recoñecida, intimamente relacionada con algún dos campos da enxeñaría química, ou ben que se distinguisen pola súa especial contribución ao colexio ou a entidades relacionadas. Unha vez concedida esta distinción deberá darse testemuño dela en acto público, no cal se lle outorgará ao colexiado un documento e distintivo que así o acredite.

#### Artigo 20º.-*Inscripción de alumnos de enxeñaría química. Precolexiados.*

Poderán inscribirse nun rexistro que se levará no colexio, e que se denominará Rexistro de Precolexiados, os alumnos dos dous últimos cursos da titulación de enxeñeiro químico co obxecto de recibiren a información de interese colexial que determine a Xunta de Goberno, en especial toda a relativa ás atribucións profesionais dos enxeñeiros químicos e a que lles facilite a súa integración no mundo laboral así como a ampliación dos seus coñecementos. Os alumnos inscritos no dito rexistro non terán a condición de colexiados.

Unha vez obtido o título oficial de enxeñeiro químico ou calquera outro título equivalente, daranse de baixa os alumnos no rexistro constituído para o efecto e incorporaranse ao colexio, sempre e cando así o soliciten.

#### CAPÍTULO IV

##### DEREITOS E DEBERES DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

#### Artigo 21º.-*Dereitos.*

Son dereitos dos colexiados e colexiadas:

a) Ser asistidos, asesorados e defendidos polo colexio, de acordo cos medios dos que este dispoña e nas condicións que regulamentariamente se fixen, cando se lesionen ou menoscaben os seus dereitos ou intereses profesionais.

b) Ser representados pola Xunta de Goberno do colexio, cando así o soliciten, nas reclamacións, de calquera tipo, dimanantes do exercicio profesional, nos termos que regulamentariamente se fixen.

c) Participar, como electores e como elixibles, en cantas eleccións se convoquen no ámbito colexial; intervir de forma activa na vida do colexio; e ser informados, informar e participar con voz e voto nas asembleas xerais do colexio.

d) Formar parte das comisións ou seccións que se establezan.

e) Presentar á Xunta de Goberno escritos con peticións, queixas ou suxestións relativas ao exercicio profesional ou á marcha do colexio.

f) Gardar o segredo profesional respecto dos datos e a información coñecidos con ocasión do exercicio profesional.

g) Someter a conciliación ou arbitraje do colexio as cuestións de carácter profesional que se produzan entre os seus membros.

h) Levar a cabo os proxectos, ditames, peritaxes, valoracións ou outros traballos que lle sexan solicitados ao colexio ou delegación por entidades ou particulares, e que lles correspondan por quenda previamente establecida.

i) Participar no uso e gozo dos bens do colexio e dos servizos que este ou a súa delegación teñan establecidos, sempre que non prexudiquen os dereitos dos demais colexiados nas condicións que regulamentariamente se determinen.

j) Recibir información adecuada sobre a marcha e o funcionamento do colexio.

#### Artigo 22º.-*Deberes.*

Son deberes dos colexiados e colexiadas.

a) Exercer a profesión eticamente e cumprindo os preceptos e normas das disposicións vixentes, actuando dentro das normas da libre competencia, con respecto cara aos compañeiros e sen incorrer en competencia desleal.

b) Acatar e cumprir estes estatutos e, en xeral, as normas que rexen a vida colexial, así como os acordos adoptados polos órganos de goberno do colexio, sen prexuízo dos recursos oportunos.

c) Poñer en coñecemento do colexio todos os feitos que poden afectar a profesión, tanto particular como colectivamente considerada; a importancia destes fei-

tos pode determinar a intervención corporativa con carácter oficial.

d) Someter ao visado do colexio toda a documentación técnica ou facultativa que subscriba no exercicio da súa profesión, segundo o disposto no artigo 9º, aboándolle ao colexio os dereitos económicos que se establezan pola práctica do visado.

e) Comunicarlle ao colexio, no prazo de trinta días, os cambios en calquera dato previamente facilitado, especialmente os necesarios para o cumprimento das débedas do colexio, os de residencia ou enderezo, e calquera outro de contacto.

f) Asistir aos actos corporativos.

g) Aboar, cando sexan emitidos, os recibos das cotas e contribucións establecidas polos órganos de goberno do colexio.

h) Desenvolver con dilixencia e eficacia os cargos para os que fosen elixidos.

i) Cooperar coa asemblea xeral e coa Xunta de Goberno, prestando declaración e facilitando información nos asuntos de interese colexial en que poidan ser requiridos, sen prexuízo do segredo profesional.

j) Gardar o segredo profesional respecto dos datos e da información coñecidos con ocasión do exercicio profesional.

k) Dar conta ante o colexio de quen exerza actos propios da profesión sen posuír título que o autorice ou de quen non estea colexiado a pesar de posuílo.

l) Proporcionarlle ao colexio a documentación ou información persoal e profesional que este requira para a súa xestión e o correcto cumprimento dos seus fins, no marco da Lei de protección de datos.

TÍTULO IV  
FUNCIONAMENTO DO COLEXIO  
CAPÍTULO I  
DOS ÓRGANOS DO COLEXIO

Artigo 23º.-*Órganos reitores do colexio.*

Os órganos de representación, desenvolvemento normativo, control, goberno e administración do colexio son:

- a) Asemblea xeral.
- b) Xunta de Goberno.
- c) Presidente ou presidenta.

Os acordos da asemblea xeral e da Xunta de Goberno, que estarán recollidos nas actas das súas reunións, serán efectivos de inmediato, salvo que conteñan pronunciamento en contra da súa entrada en vigor.

CAPÍTULO II  
DA ASEMBLEA XERAL  
SECCIÓN PRIMEIRA  
NATUREZA XURÍDICA E CLASES DE ASEMBLEAS XERAIS

Artigo 24º.-*Natureza xurídica.*

1. A asemblea xeral, órgano supremo de expresión da vontade do colexio, está formada por todos os

colexiados e colexiadas con igualdade de voto, e adoptará os seus acordos polo principio maioritario e en concordancia con estes estatutos. Expresará a vontade da corporación, sen prexuízo das competencias exclusivas que estes estatutos lle atribúen á Xunta de Goberno.

2. Os acordos adoptados obrigan a todos os membros do colexio, mesmo aos ausentes, disidentes ou os que se absteñan e incluso os que recorran contra aqueles, sen prexuízo do que resolvan os tribunais competentes.

3. Todos os colexiados teñen dereito a asistir ás asembleas xerais con voz e voto, salvo nos supostos previstos nestes estatutos.

4. A asemblea xeral é a encargada de decidir, con carácter deliberante e decisorio, entre outros, sobre os seguintes asuntos:

a) A aprobación e modificación dos estatutos deste colexio e dos regulamentos de réxime interior para o desenvolvemento deles.

b) A aprobación do balance e a liquidación orzamentaria de cada exercicio, así como dos orzamentos anuais de ingresos e gastos.

c) A aprobación das cotas de incorporación, cotas ordinarias e extraordinarias que deben satisfacer os colexiados.

d) A aprobación ou censura da xestión da Xunta de Goberno ou de calquera dos seus membros.

e) A aprobación das normas e contía de honorarios profesionais por proposta do Pleno da Xunta de Goberno, que terán carácter orientativo.

f) A adopción de acordos relativos á disolución do colexio.

g) A adquisición, alleamento, gravame e demais actos xurídicos de disposicións sobre bens inmobles do colexio.

h) A autorización a percibir recursos ordinarios e extraordinarios de acordo co sinalado nestes estatutos.

i) Determinar, na súa constitución, as funcións das institucións ou entidades creadas polo colexio.

j) Sinalar as condicións de incorporación do colexio naquelas institucións, entidades, fundacións, etc., en que participe o colexio.

k) A elección da Xunta de Goberno e do seu presidente/a, e a remoción deles por medio de moción de censura.

l) Aqueles asuntos que lle someta o Pleno da Xunta de Goberno que, ao seu criterio, merezan esa atención en razón da súa específica transcendencia colexial.

m) A aprobación dun límite máximo anual en concepto de suplemento de crédito do que a Xunta de Goberno poida utilizar segundo a regulación do artigo 51 destes estatutos.

*Artigo 25º.-A asemblea xeral ordinaria.*

1. Cada primeiro trimestre do ano, a asemblea xeral convocarase preceptivamente, con carácter ordinario, unha vez ao ano para, entre outros asuntos, aprobar respectivamente os orzamentos de ingresos e gastos do ano que corre e a liquidación dos orzamentos do exercicio anterior.

2. Así mesmo, poderán tratarse na asemblea ordinaria todas aquelas cuestións que lle competan á asemblea xeral e que, conforme o artigo 26º destes estatutos, non se deban tratar na asemblea xeral extraordinaria.

*Artigo 26º.-A asemblea xeral extraordinaria.*

1. Serán necesariamente extraordinarias as asembleas en que se propoña a disolución do colexio, as que teñan por obxecto a moción de censura ou a modificación destes estatutos e as que teñan por obxecto a adquisición, arrendamento, venda ou calquera tipo de gravame que afecte o patrimonio inmobiliario do colexio.

2. A asemblea xeral extraordinaria convocarase por iniciativa da Xunta de Goberno, ou cando así o solicite o quince por cento dos colexiados; de ser así, aceptarase a orde do día que obrigatoriamente deberá acompañar a solicitude e convocarase dentro dos quince días seguintes ao da presentación da solicitude.

3. Cando a convocatoria extraordinaria teña por obxecto unha moción de censura da Xunta de Goberno ou dalgún dos seus membros, a petición deberá ser subscrita polo menos polo 20% dos colexiados e expresará con claridade os motivos en que esta se fundamente e non poderán ser tratados nela máis asuntos que os expresados na convocatoria.

SECCIÓN SEGUNDA  
DISPOSICIÓN COMÚNS

*Artigo 27º.-Convocatoria.*

A convocatoria faraa a secretaría, logo de mandato do presidente. Publicarase no taboleiro de anuncios, así como nun dos xornais de maior difusión da comunidade autónoma, e será notificada por escrito a todos os colexiados, ou por calquera medio telemático sempre que acredite a recepción, con quince días naturais de antelación polo menos, expresando o lugar, o día e a hora no que terá lugar, en primeira e segunda convocatoria.

*Artigo 28º.-Desenvolvemento da asemblea.*

1. A orde do día da asemblea será fixada polo Pleno da Xunta de Goberno e achegarase á convocatoria.

2. O presidente da Xunta de Goberno abrirá e pechará a sesión facendo de moderador.

3. Das reunións levantará acta o secretario ou secretaria, na cal se reflectirán os asuntos tratados e os acordos adoptados. A acta arquivarase en soporte informático, logo de aprobación pola asemblea xeral inmediata posterior.

4. Se na orde do día se consigna o punto de rolda de intervencións libres, estas serán o máis concretos posibles, sen que os asuntos motivo deles poidan ser obxecto de discusión nin de votación.

*Artigo 29º.-Quórum das asembleas xerais e adopción de acordos.*

1. Para a válida constitución da asemblea xeral, xa sexa ordinaria ou extraordinaria, será necesaria en primeira convocatoria a presenza da metade máis un dos colexiados con dereito a voto. Se non se acadase o dito quórum quedará validamente constituída en segunda convocatoria, polo menos media hora máis tarde, calquera que sexa o número de colexiados presentes.

2. Os acordos da asemblea xeral adoptaranse por maioría simple de votos emitidos polos colexiados asistentes salvo nos supostos expresamente previstos nestes estatutos.

3. Terán dereito a voz e a voto os colexiados que estean presentes na asemblea e os que previamente delegasen o seu voto, sempre e cando non estean en suspenso ou inhabilitados.

4. Cada colexiado presente na asemblea poderá votar, como máximo, en representación de catro colexiados non presentes.

5. O colexiado que pretenda delegar o seu voto debe notificalo á Xunta de Goberno, mediante un escrito dirixido ao presidente ou presidenta do colexio. No dito escrito debe figurar o nome, documento nacional de identidade, número de colexiado e sinatura, tanto do colexiado delegante como do delegado, achegando copia do carné de colexiado ou documento nacional de identidade de ambos os dous.

A notificación debe chegar á Xunta de Goberno antes das 20.00 horas do día anterior ao da realización da asemblea. O colexiado que delegase o seu voto non poderá votar persoalmente na asemblea.

6. De acordo co disposto no artigo 6.3º c) da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, queda expresamente prohibido adoptar acordos respecto de asuntos que non figuren na orde do día da asemblea ordinaria ou extraordinaria de que se trate.

7. Conforme o disposto no artigo 26 de Lei 30/1992, do 26 de novembro, será necesaria a presenza do presidente/a e o secretario/a, ou, de ser o caso, de quen os substitúa, para a válida constitución da asemblea xeral para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos.

*Artigo 30º.-Adopción de acordos especiais.*

1. Para adoptar validamente os acordos de aprobación ou modificación de estatutos, alleamento de inmobles ou constitución de calquera gravame sobre eles ou disolución do colexio, exixirase un quórum de asistencia da metade máis un dos colexiados con dereito a voto. Se non se reúne este quórum terá lugar unha nova asemblea xeral, dentro das 24 horas



seguintes á primeira convocatoria, que poderá adoptar acordos por maioría simple e sen quórum especial de asistencia.

2. Na convocatoria da asemblea xeral anunciarase a hora e a data da segunda, para o suposto de que non se reunise quórum na primeira.

3. Se a asemblea xeral extraordinaria tivese por obxecto a moción de censura, requirirá un quórum de asistentes ou representados, como mínimo, da metade máis un do censo de Colexiados exercentes. Para que prospere, exixírase o voto favorable da metade máis un dos asistentes ou representados.

CAPÍTULO III  
DA XUNTA DE GOBERNO  
SECCIÓN PRIMEIRA  
NORMAS XERAIS

Artigo 31º.-*Natureza xurídica.*

A Xunta de Goberno é o órgano encargado da dirección, a administración e a xestión ordinaria do Colexio, con respecto á vontade expresada pola asemblea xeral. Estará integrada por un presidente ou presidenta, un secretario ou secretaria, un tesoureiro ou tesoureira e un número de vogais entre dous e catro. Adicionalmente poderanse incorporar un vicepresidente ou vicepresidenta, un vicesecretario ou vicesecretaria e un vicetesoureiro ou vicetesoureira.

Artigo 32º.-*Funcións da Xunta de Goberno.*

Son competencias da Xunta de Goberno:

- a) A designación provisional de membros da Xunta de Goberno cando os seus cargos queden vacantes.
- b) Decidir sobre as solicitudes de Colexiación, podendo delegarse esa facultade no presidente, para casos de urxencia, que serán sometidos posteriormente á ratificación da Xunta.
- c) Denunciar a quen, sendo Colexiado ou non, exerce a profesión en forma e baixo condicións contrarias á orde legal e estatutariamente establecida.
- d) Propor a cota de incorporación que debe satisfacer cada Colexiado por dereitos de incorporación, así como as cotas de percepción periódica.
- e) Proporlle á asemblea xeral a imposición de cotas extraordinarias ou derramas aos seus Colexiados.
- f) O nomeamento dos membros da comisión deontolóxica.
- g) Propoñer distincións e premios para a súa concesión pola asemblea xeral.
- h) A aprobación do anteproxecto de orzamentos de ingresos e gastos e a proposta á asemblea xeral do proxecto de orzamentos.
- i) A aprobación e proposta á asemblea xeral do proxecto da conta xeral de tesouraría e a liquidación orzamentaria.
- j) Exercer a potestade sancionadora, así como autorizar a cancelación das sancións.

k) Acordar, cando se dean os requisitos establecidos nestes estatutos, a creación ou supresión de seccións Colexiais.

l) Acordar a creación de comisións para fins específicos.

m) Fixar a convocatoria das asembleas xerais ordinaria e extraordinarias e a confección da correspondente orde do día.

n) Designar os membros da Xunta de Goberno en funcións unha vez convocadas as eleccións á Xunta de Goberno.

o) Ratificar a designación, por parte dos membros dunha delegación, do substituto designado interinamente polo cesamento por calquera causa dun dos membros da delegación.

p) Establecer as cotas correspondentes aos visados atendendo ao tipo de proxecto.

q) Todas aquelas outras competencias que non estean expresamente atribuídas á asemblea xeral.

Artigo 33º.-*Duración dos cargos.*

1. A duración dos cargos será de dous anos, sen que ningún membro da Xunta de Goberno poida desempeñar durante máis de tres mandatos consecutivos o mesmo cargo.

2. Os candidatos electos tomarán posesión dos seus cargos no prazo máximo de trinta (30) días naturais desde a data das eleccións.

3. Se se producise a vacante de máis da metade da Xunta, convocaríanse eleccións no prazo dun mes.

4. Todo membro da Xunta de Goberno incurso nun expediente de responsabilidade disciplinaria será suspendido preventivamente do seu cargo.

Artigo 34º.-*Reunións da Xunta.*

1. A Xunta de Goberno reunirase ordinariamente unha vez ao trimestre, sen prexuízo de poder facelo con maior frecuencia, cando a importancia do asunto o requira ou o soliciten cinco (5) dos seus membros. As convocatorias faraan a secretaría, logo de mandato da presidencia, con dez (10) días naturais de antelación como mínimo. Informarase por escrito ou por calquera outro medio electrónico que garanta o envío, a recepción e a lectura electrónica, e irá acompañada da orde do día correspondente.

Serán válidas as sesións das xuntas de goberno ás cales, aínda sen teren sido convocadas de tal forma, asista a totalidade dos seus membros.

O/A presidente/a está facultado para convocar o Pleno con carácter de urxencia cando, ao seu criterio, as circunstancias así o exixan, por calquera medio que permita a constancia escrita da súa realización.

2. Para que se poidan adoptar validamente acordos en primeira convocatoria será requisito indispensable que concorran a maioría de membros que integran a xunta.

En segunda convocatoria, serán válidos os acordos adoptados por maioría simple, calquera que sexa o número de asistentes. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente/a.

3. A asistencia ás reunións da Xunta de Goberno é obrigatoria para os integrados nela. O desenvolvemento das reunións da Xunta de Goberno, o texto das proposicións e o dos acordos, indicando neste último caso o resultado da votación, figurarán nunha acta que redactará e asinará o secretario ou quen o substituíse na reunión.

4. Será necesario, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, a presenza do presidente/a e o secretario/a ou, de ser o caso, de quen os substitúa, para a válida constitución da Xunta de Goberno para os efectos da realización de sesións, deliberacións e toma de acordos.

#### Artigo 35º.-Comisións.

1. A Xunta de Goberno poderá crear cantas comisións xulgue pertinentes. As comisións poderán pertencer aqueles Colexiados que sexan designados pola Xunta.

A creación, modificación ou extinción das ditas comisións deberá acordarse por maioría simple dos membros da Xunta, e deberá motivarse de forma precisa.

2. As comisións estarán integradas por un número de Colexiados que será determinado pola Xunta de Goberno, cuxa función é asesorar a Xunta de Goberno naquelas cuestións e asuntos relacionados coas materias da súa competencia.

3. Necesariamente constituirase unha comisión deontolóxica á cal lle corresponderá a instrución dos procedementos disciplinarios. A dita comisión será a que con plena delegación da Xunta de Goberno adoptará os acordos de proposta de sanción, incoación de información previa, apertura de expediente disciplinario, arquivo de denuncias, queixas e expedientes, así como designación do instrutor e secretario.

Correspóndelle á comisión deontolóxica a potestade sancionadora respecto dos membros da Xunta de Goberno.

#### Artigo 36º.-Cesamento nos cargos.

1. Os membros da Xunta de Goberno cesarán polas causas seguintes:

a) Falta de concorrencia sobrevida dos requisitos estatutarios para desempeñar o cargo.

b) Toma de posesión dos membros da Xunta de Goberno que fosen elixidos para substituílos.

c) Por dimisión ou renuncia do titular, que terá que formalizarse por escrito.

d) Aprobación dunha moción de censura.

2. Os membros das comisións cesarán polas causas seguintes:

a) Destitución do presidente da Xunta de Goberno.

b) Perda da condición de Colexiado.

c) Dimisión da/o interesada/o, que terá que formalizarse por escrito.

#### SECCIÓN SEGUNDA

#### ATRIBUCIÓNS DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO

Artigo 37º.-*Atribucións do presidente ou presidenta do Colexio.*

Son atribucións do presidente ou presidenta as seguintes:

1. Exercer a representación do Colexio e dos seus órganos deliberantes e xestionar os asuntos deste ante autoridades e entidades públicas ou privadas, sen prexuízo de que en casos concretos poida tamén a Xunta de Goberno, no nome do Colexio, encomendar as ditas funcións a determinados membros del ou comisións constituídas.

2. Convocar, abrir e rematar as sesións ordinarias e extraordinarias da asemblea xeral e da Xunta de Goberno, así como presidilas e dirixir as deliberacións que nelas teñan lugar.

3. Convocar as eleccións de membros da Xunta de Goberno.

4. Decidir, co seu voto de calidade, os empates nas votacións.

5. Executar os acordos que os órganos Colexiados adopten nas súas respectivas esferas de atribucións.

6. Adoptar, en caso de extrema urxencia, as resolucións necesarias, informando inmediatamente o órgano correspondente para a súa ratificación na primeira sesión que teña lugar.

7. Coordinar as actuacións dos membros da Xunta de Goberno, sen prexuízo da competencia e responsabilidade directa destes na súa xestión.

8. Visar todas as certificacións que expida o secretario ou secretaria.

9. Autorizar os libramentos ou ordes de pagamento.

10. Lexitimar coa súa sinatura os libros de contabilidade e calquera outro de natureza oficial, sen prexuízo das legalizacións establecidas pola lei.

11. Visar os informes e as comunicacións que oficialmente lles dirixa o Colexio ás autoridades e entidades públicas ou privadas.

12. Por acordo expreso da Xunta de Goberno, poderá outorgar poder a favor de procuradores dos tribunais e de letrados no nome do Colexio, para a representación preceptiva ou potestativa deste ante calquera órgano administrativo ou xurisdiccional no que se refire a accións, excepcións, recursos, incluíndo o de casación, e demais actuacións que se teñan que levar a cabo ante estes, en defensa tanto do Colexio como da profesión.

13. Interpor as accións que procedan para o cobramento de honorarios non satisfeitos aos Colexiados e Colexiadas, de conformidade cos actuais estatutos.

14. Para o cumprimento dos fins citados, e calquera outro que lle fose encomendado, gozará de plena autoridade, e as súas resolucións serán cumpridas sen prexuízo das reclamacións que contra aquelas se poidan interpoñer polas canles que establece a lei.

Artigo 38º.-*Atribucións do vicepresidente ou vicepresidenta.*

O vicepresidente ou vicepresidenta substituirá o presidente ou presidenta nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e desempeñará todas aquelas funcións que lle encomende a Xunta de Goberno ou delegue nel este último, tras o coñecemento pola Xunta de Goberno da referida delegación.

Artigo 39º.-*Atribucións do secretario ou secretaria.*

Correspóndenlle ao secretario ou secretaria as atribucións seguintes:

1. Redactar e dar fe das actas das sesións ordinarias e extraordinarias da asemblea xeral e da Xunta de Goberno.

2. Custodiar a documentación do colexio e os expedientes dos seus membros.

3. Expedir as certificacións de oficio ou por instancia de parte interesada, co visto e prace do presidente ou presidenta.

4. Expedir e tramitar comunicacións e documentos e informar destes á Xunta de Goberno e ao órgano competente que corresponda.

5. Exercer a xefatura do persoal administrativo e dos servizos necesarios para a realización das funcións colexiais, así como organizar materialmente os servizos administrativos.

6. Formar parte da comisión de visados designada pola Xunta de Goberno, asinar os visados que se efectúen, levar o rexistro dos visados de traballos profesionais e denegar o visado cando se incumpran as súas normas reguladoras.

7. Redactar a memoria de xestión anual, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno e pola asemblea xeral.

8. Aquelas que lle correspondan en calidade de membro da Xunta de Goberno e as que sexan propias da súa función e necesarias para o seu bo desempeño.

9. O vicesecretario ou vicesecretaria substituirá o secretario ou secretaria nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e desempeñará todas aquelas funcións que lle encomende a Xunta de Goberno ou delegue nel este último, tras o coñecemento pola Xunta de Goberno da referida delegación. Así mesmo, aquelas que lle correspondan en calidade de membro da Xunta de Goberno.

Artigo 40º.-*Atribucións do tesoureiro ou tesoureira.*

Correspóndenlle ao tesoureiro ou tesoureira as atribucións seguintes:

1. Recadar e custodiar os fondos pertencentes ao colexio, dos cales será responsable.

2. Asinar recibos, efectuar cobramentos e realizar os pagamentos ordenados polo presidente ou presidenta.

3. Dar conta á Xunta de Goberno dos membros do colexio que non estean ao día dos pagamentos, para que se lles reclamen as cantidades debidas ou se aprobe a tramitación da súa baixa, de acordo co que establece o artigo 17º destes estatutos.

4. Redactar o anteproxecto de orzamento do colexio, para a súa elaboración pola Xunta de Goberno.

5. Facer o balance do orzamento do exercicio anterior, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno.

6. Proporlle á Xunta de Goberno os proxectos de habilitación de créditos, suplementos e variacións de ingresos cando sexa necesario.

7. Levar a contabilidade do colexio.

8. Verificar os arqueos que a Xunta de Goberno considere necesarios.

9. Levar o inventario minucioso dos bens do colexio, dos cales será o seu administrador.

10. Aquelas que lle correspondan en calidade de membro da Xunta de Goberno.

11. O vicetesoureiro ou vicetesoureira substituirá ao tesoureiro ou tesoureira nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e desempeñará todas aquelas funcións que lle encomende a Xunta de Goberno ou delegue nel esta última, tras o coñecemento pola Xunta de Goberno da referida delegación. Así mesmo, aquelas que lle correspondan en calidade de membro da Xunta de Goberno.

Artigo 41º.-*Atribucións dos vogais.*

Serán atribucións dos vogais as seguintes:

1. Desempeñar todos os cometidos que lles sexan conferidos pola asemblea xeral, a Xunta de Goberno ou polo presidente ou presidenta, así como desenvolver e presidir as comisións creadas coa autorización da Xunta de Goberno do colexio.

2. Colaborar cos titulares dos restantes cargos da Xunta de Goberno e substituílos nas súas ausencias, vacantes ou enfermidades, de acordo co establecido nestes estatutos.

Artigo 42º.-*Retribución dos cargos.*

Os membros da Xunta de Goberno exercerán os seus cargos cunha retribución anual de conformidade coa consignación orzamentaria aprobada pola asemblea xeral. Os gastos de representación debidamente xustificadas serán reintegrados segundo criterio da Xunta de Goberno.

SECCIÓN TERCEIRA  
ELECCIÓN A XUNTA DE GOBERNO

Artigo 43º.-*Dereito a sufraxio activo e pasivo.*

1. Terán dereito a votar todos os colexiados que se atopen en pleno uso dos seus dereitos colexiais.

2. Para ser elixible requírese estar colexiado no colexio, atoparse no pleno exercicio dos seus dereitos colexiais e non estar incurso en prohibición ou incapacidade legal ou estatutaria.

3. O dereito de sufraxio activo e pasivo require estar ao día do pagamento das cotas colexiais na data da convocatoria da correspondente asemblea. Os colexiados que non se estean ao día nas súas obrigas colexiais poderán asistir ás asembleas, pero non poderán intervir nelas nin emitir o seu voto.

4. A elección dos membros da Xunta de Goberno será libre, directa e secreta.

*Artigo 44º.-Procedemento electivo.*

1. A convocatoria de eleccións á Xunta de Goberno será anunciada dentro dos cinco días naturais seguintes ao da súa adopción, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios da sede colexial e a súa notificación persoal a todos os colexiados.

2. No anuncio das eleccións deberán constar os cargos que son obxecto das eleccións, o calendario electoral, o día e o lugar da súa realización, o día e hora da constitución das mesas electorais e o horario de apertura e peche das urnas.

*Artigo 45º.-Candidaturas.*

1. As candidaturas aos cargos da Xunta de Goberno presentaranse en listas pechadas, que serán votadas globalmente.

2. As candidaturas deberán presentarse por escrito na sede do colexio, dentro dos quince días naturais seguintes ao do anuncio da convocatoria, e deberán incluír os candidatos para cada cargo.

3. Dentro dos días hábiles seguintes á expiración do prazo para presentar candidaturas, a Xunta de Goberno en funcións comunicaralles aos representantes das candidaturas as causas de inelixibilidade apreciadas respecto de todos ou dalgúns dos integrantes da lista. O prazo para a emenda é de corenta e oito horas. Transcorrido ese prazo, se algún dos candidatos está incurso nunha causa de inelixibilidade será substituído polo primeiro candidato suplente e así sucesivamente. No caso de non se cubriren os nove postos da Xunta de Goberno, a candidatura será desestimada e terase por non presentada.

4. A Xunta de Goberno en funcións, dentro dos dous días hábiles seguintes ao de expiración do prazo para emendar as listas, proclamará a relación de candidaturas admitidas.

5. Ao mesmo tempo que se publica a convocatoria de eleccións exporase no taboleiro de anuncios do colexio o censo electoral, con indicación dun prazo de dez días naturais para formular reclamacións, que serán resoltas pola Xunta de Goberno en funcións, dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da expiración do prazo para formulalas; a resolución seralle notificada a cada colexiado.

6. As eleccións terán lugar no prazo máximo de trinta días naturais desde a proclamación das candidaturas.

*Artigo 46º.-Presentación dunha única candidatura.*

1. Non se requirirá a realización de eleccións cando sexa proclamada unha única lista de candidatos. Nestes supostos, a Xunta de Goberno en funcións redactará a acta, asinada por todos os seus compoñentes, onde se expresará a citada circunstancia e a innecesariedade de realizar eleccións, o que se lle transmitirá á Xunta de Goberno electa.

2. Tras a notificación da acta á Xunta de Goberno electa, serán expedidos polo colexio os correspondentes nomeamentos, cuxa toma de posesión se verificará o día que para tal fin sinala a Xunta de Goberno en funcións dentro do prazo establecido nos estatutos.

3. A composición da Xunta de Goberno que resulte das eleccións seralle comunicada ao órgano competente en materia de colexios profesionais e á consellería correspondente.

*Artigo 47º.-Voto por correo.*

1. Calquera membro do colexio poderá emitir o seu voto por correo.

2. Os colexiados que queiran exercer o voto por correo deberán solicitalo individualmente, ben en comparecencia persoal nas oficinas do colexio ou por escrito dirixido á secretaría do colexio. O colexiado deberá acreditar a súa identidade mediante exhibición do seu DNI ou carné de colexiado na comparecencia persoal para solicitar o voto por correo. Se a solicitude se formula por escrito, deberán facerse constar todos os datos identificativos, incluído o DNI ou carné de colexiado, xuntando en calquera caso fotocopia do documento acreditativo de identidade coa súa sinatura.

3. O colexio responderá á dita solicitude nun prazo de dez (10) días.

4. Os votos por correo deberán dirixirse ao secretario da Xunta de Goberno, que se fará cargo da súa custodia ata o momento do inicio das eleccións, en que lle fará entrega destes á mesa electoral, que os introducirá na urna designada para tal efecto.

5. Admitiranse os votos por correo que se reciban no colexio dentro do horario de rexistro do día anterior á realización da votación.

6. Será declarado nulo todo voto por correo que non cumpra estritamente a normativa prevista nestes estatutos colexiais.

7. Os colexiados que soliciten votar por correo non poderán votar persoalmente.

8. Redactarase acta sobre o número de sobres recibidos.

9. Unha vez finalizadas as eleccións, procederase en primeiro lugar á apertura da urna cos votos por correspondencia, introducíndose na urna xeral os



sobres pechados coas papeletas que só serán abertas ao facerse o escrutinio.

TÍTULO V  
DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 48º.-*Capacidade xurídica no ámbito económico e patrimonial.*

O colexio ten plena capacidade xurídica no ámbito económico e patrimonial.

O colexio deberá contar cos recursos necesarios para atender os fins e funcións encomendados e as solicitudes de servizos dos membros, polo cal quedan estes obrigados a contribuír ao sustento dos gastos correspondentes na forma regulamentaria.

Artigo 49º.-*Recursos económicos do colexio.*

Os recursos económicos do colexio poderán ser ordinarios ou extraordinarios.

1. Recursos ordinarios.

Constitúen os recursos ordinarios do colexio:

- a) As cotas de incorporación e reincorporación.
- b) As cotas anuais ordinarias, sen prexuízo do establecido nos estatutos ou noutra normativa.
- c) As cotas extraordinarias aprobadas pola asemblea xeral.
- d) Os dereitos de canon de visado.
- e) As recargas por demora no pagamento de calquera concepto, de acordo co que se estableza regulamentariamente.
- f) Os procedentes das rendas ou xuros de toda clase que produzan os bens ou dereitos que integren o patrimonio do colexio.

g) Os ingresos que se obteñan polas publicacións que se realicen, así como os provenientes de matrículas de cursos e seminarios e demais conceptos análogos.

h) Os ingresos que se obteñan por publicidade ou patrocinio.

2. Recursos extraordinarios.

a) As subvencións, doazóns, herdanzas ou legados que lle concedan ao colexio as administracións públicas, entidades públicas ou privadas, colexiados e outras persoas xurídicas ou físicas.

b) Os bens mobles ou inmobles que, por herdanza, doazón ou calquera outro título, entren a formar parte do capital do colexio, e as rendas e froitos dos bens e dereitos de todas as clases que posúa.

c) A obtención de créditos públicos ou privados, hipotecas dos seus bens ou calquera outro recurso conseguido por necesidade ou utilidade, tras o acordo expreso da Xunta de Goberno, nos límites establecidos na normativa que lles sexa de aplicación ás administracións públicas.

d) Os dereitos por estudos, informes e ditames que emita a Xunta de Goberno ou as comisións en que aquela delegue a súa realización.

e) Os dereitos por utilización dos servizos que a Xunta de Goberno estableza.

f) As cantidades que por calquera outro concepto non especificado poida percibir o colexio.

3. As recadacións dos recursos económicos son competencia da Xunta de Goberno, sen prexuízo das facultades que por expreso acordo poida delegar.

Artigo 50º.-*Pagamento das cotas.*

O pagamento das cotas realizarase conforme as seguintes regras:

a) Os colexiados deberán satisfacer, ao incorporarse ao colexio, unha cota de incorporación uniforme, cuxo importe fixará e poderá modificar a asemblea xeral.

Os colexiados que pretendan incorporarse ao colexio, procedentes doutro colexio de enxeñeiros químicos, non están obrigados a aboar a cota de entrada, sempre que conste na certificación que está aboada no colexio de procedencia.

b) Os colexiados, con ou sen exercicio, están obrigados a satisfacer as cotas ordinarias, cuxo importe fixa a asemblea xeral.

c) En caso de débitos ou pagamentos extraordinarios, a asemblea xeral poderá establecer cotas extraordinarias, cuxo pagamento é obrigatorio para todos os colexiados.

Artigo 51º.-*Gastos do colexio e suplementos de crédito.*

1. Os gastos do colexio serán soamente os necesarios para o sostemento decoroso dos servizos, sen que se poida efectuar pagamento ningún non previsto no orzamento aprobado, salvo que a Xunta de Goberno acorde a habilitación dun suplemento de crédito.

2. A Xunta de Goberno poderá habilitar suplementos de créditos nos seguintes supostos:

a) Pagamento de tributos estatais, autonómicos ou locais, cando o aumento do gasto derive de disposición legal ou regulamentaria.

b) Pagamento de persoal, cando o aumento do gasto derive de disposición legal ou estatutaria.

c) Cando sexa necesario atender outros gastos non previsibles e de ineludible cumprimento, sempre e cando non se supere o límite aprobado para tal efecto na asemblea xeral.

3. Para efectuar os pagamentos dos gastos realizados será indispensable a previa conformidade conxunta do presidente e do tesoureiro.

4. O colexio manterá as contas bancarias que xulgue necesarias para o mellor desenvolvemento da súa actividade, procurando, cando sexa posible, efectuar os pagamentos a través delas, mediante transferen-

cias ou cheques. As sinaturas autorizadas en cada conta bancaria serán as do presidente e tesoureiro, e calquera outro membro da Xunta de Goberno designado polo presidente para tal fin.

*Artigo 52º.-Orzamento de ingresos e gastos.*

1. A confección do anteproxecto de orzamento de ingresos e gastos correspóndelle ao tesoureiro, que o someterá á aprobación do Pleno da Xunta de Goberno.

2. Unha vez obtida esta, o proxecto de orzamentos será presentado á asemblea xeral para a súa aprobación definitiva dentro do primeiro trimestre de cada ano.

3. Durante os dez días hábiles anteriores ao da realización da asemblea, o proxecto de orzamentos parase á disposición de calquera colexiado que o solicite, na sede colexial.

*Artigo 53º.-Liquidación do orzamento.*

1. Durante o mes de xaneiro de cada ano, o tesoureiro someterá á aprobación do Pleno da Xunta de Goberno o balance de situación e liquidación do orzamento de ingresos e gastos correspondente ao ano anterior para a súa aprobación ou rexeitamento.

2. Obtida a aprobación do Pleno da Xunta de Goberno, someterase á preceptiva aprobación da asemblea xeral, dentro do primeiro trimestre do dito ano.

3. Durante os dez días hábiles anteriores ao da realización da asemblea mencionada, o balance e liquidación do orzamento do ano anterior, acompañados dos xustificantes de ingresos e gastos efectuados, poranse á disposición do colexiado que previamente o solicite para que tome as notas que considere na propia sede do colexio.

*Artigo 54º.-Censores de contas.*

1. Cando se produza a renovación total ou parcial dos órganos directivos, na asemblea xeral anterior e como punto expreso na orde do día, e sempre que sexa solicitado polo menos por algún colexiado ou colexiada, serán elixidos por sorteo, de entre todos os membros do colexio, tres censores de contas. Tamén serán elixidos tres suplentes. Serán incompatibles coa antedita elección os membros da Xunta de Goberno. Nestes casos, e de conformidade co artigo 32 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, o colexio deberá ser auditado, sen prexuízo da función fiscalizadora que lles corresponde aos organismos públicos legalmente habilitados para iso.

2. A Xunta de Goberno, unha vez aprobado o balance orzamentario do exercicio anterior, convocará os censores de contas para unha data determinada e porá á súa disposición o balance orzamentario, os libros de contas, os xustificantes de ingresos e gastos e cantos documentos se consideren necesarios, coa finalidade de informar sobre os extremos da súa actuación.

3. A convocatoria para o día da censura de contas será cursada nun prazo non inferior a quince días. A censura de contas realizarase no día sinalado e o informe da devandita censura será único e por escrito, sen prexuízo de que cada censor poida redactar un voto particular sobre un ou varios asuntos recollidos no informe.

4. A Xunta de Goberno prestará todo o apoio material e humano necesario para que a Xunta de Censores poida exercer adecuadamente as súas funcións. Así mesmo, o tesoureiro ou tesoureira estará ao seu dispor para todas as aclaracións, explicacións ou comentarios que aqueles poidan requirir.

5. O informe redactado pola Xunta de Censores entregarase á Xunta de Goberno, que o remitirá a todos os membros do colexio xunto coa convocatoria da asemblea xeral onde vaia ser aprobado o balance orzamentario do exercicio anterior.

6. A Xunta de Censores poderá solicitar o asesoramento dun auditor externo para a boa realización das funcións encomendadas, cando así o xulgue oportuno a asemblea xeral.

*Artigo 55º.-Liquidación de bens.*

En caso de disolución do colexio, a Xunta de Goberno actuará como comisión liquidadora e someterá á asemblea xeral propostas de destino dos bens sobrantes, unha vez liquidadas as obrigas pendentes.

## TÍTULO VI

### DO RÉXIME DISCIPLINARIO

*Artigo 56º.-Responsabilidade disciplinaria.*

1. Os colexiados incorrerán en responsabilidade disciplinaria nos supostos e circunstancias establecidas nestes estatutos.

2. O réxime disciplinario establecido nestes estatutos enténdese sen prexuízo das responsabilidades civís e penais en que os colexiados poidan incorrer.

*Artigo 57º.-Clases de faltas.*

As faltas disciplinarias clasificaranse en leves, graves e moi graves.

1. Son faltas leves:

a) A falta de respecto aos membros da Xunta de Goberno no exercicio das súas funcións, cando non constituía falta moi grave ou grave.

b) A negligencia no cumprimento das normas estatutarias.

c) As infraccións leves aos deberes que a profesión impón.

d) Os actos enumerados no seguinte punto, cando non tivesen entidade suficiente para ser considerados como graves.

## 2. Son faltas graves:

a) O incumprimento grave das normas estatutarias ou dos acordos da Xunta de Goberno ou da asemblea xeral, salvo que constitúan falta de maior entidade.

b) Os actos de desconsideración manifesta cara a calquera dos demais colexiados no exercicio da actividade profesional.

c) A falta de respecto, por acción ou omisión, aos compoñentes da Xunta de Goberno cando actúen no exercicio das súas funcións.

d) Os actos e omisións que atenten contra a moral, decoro, dignidade, prestixio e honorabilidade da profesión.

e) O incumprimento das normas deontolóxicas da profesión, cando non tivese entidade suficiente para ser considerada como falta moi grave.

f) Os actos de competencia desleal.

g) O exercicio profesional baixo os efectos do alcohol ou outras drogas non prescritas por un médico.

## 3. Son faltas moi graves:

a) Os actos e omisións que constitúan ofensa grave á dignidade da profesión ou ás regras éticas que a gobernan.

b) O atentado contra a dignidade ou honra das persoas que forman parte da Xunta de Goberno cando actúen no exercicio das súas funcións; e contra os demais compañeiros con ocasión de exercicio profesional.

c) A comisión de delitos dolosos como consecuencia do exercicio irresponsable da profesión.

d) A comisión dunha falta grave, tendo sido sancionado pola comisión doutra falta do mesmo carácter no termo dun ano cando así fose declarado por resolución firme.

e) O amparo, encubrimento ou colaboración cunha persoa que estea cometendo intrusismo profesional.

f) O atentado contra a dignidade das persoas con ocasión do exercicio profesional.

g) A comisión de infraccións que polo seu número ou gravidade resulten moralmente incompatibles co exercicio da enxeñaría química.

Artigo 58º.-*Sancións.*

Por razón das faltas a que se refire o artigo precedente, poden impoñerse as seguintes sancións:

a) Ás faltas leves:

-Apercibimento por escrito.

-Amoestación verbal.

b) Ás faltas graves:

-Amoestación escrita con apercibimento de suspensión.

-Suspensión do exercicio profesional por un período non superior a seis meses.

-Suspensión ou inhabilitación para o desempeño de cargos colexiais por un prazo non superior a seis meses.

c) Ás faltas moi graves:

-Suspensión do exercicio profesional por un prazo superior a seis meses e non superior a un ano.

-Suspensión ou inhabilitación para o desempeño de cargos colexiais por un prazo non superior a un ano.

-Expulsión do colexio.

2. A sanción de expulsión do colexio soamente se pode impoñer por reiteración de faltas moi graves, e o acordo que determine a súa imposición deberá ser adoptado pola asemblea xeral, coa conformidade das dúas terceiras partes dos seus integrantes.

Artigo 59º.-*Gradación da sanción.*

1. Para a imposición de sancións deberase graduar a responsabilidade do inculpado en relación coa existencia de intencionalidade ou reiteración, a natureza da infracción cometida, transcendencia desta e demais circunstancias modificativas da responsabilidade.

2. No caso de sanción por falta moi grave que afecte o interese xeral, poderase dar publicidade na prensa colexial.

Artigo 60º.-*Extinción da responsabilidade.*

A responsabilidade disciplinaria extinguirase:

a) Por morte do inculpado.

b) Por cumprimento da sanción.

c) Por prescrición das faltas.

d) Por prescrición das sancións.

Artigo 61º.-*Prescrición.*

1. As faltas prescriben:

a) As leves aos seis meses.

b) As graves aos dous anos.

c) As moi graves aos tres anos.

Os prazos sinalados computaranse a partir da data de comisión dos feitos constitutivos de infracción, interrompéndose estes por calquera dilixencia ou actuación que se practique para investigar os feitos con coñecemento do interesado.

2. As sancións prescribirán:

a) As impostas por faltas leves, ao ano.

b) As impostas por faltas graves, aos dous anos.

c) As impostas por faltas moi graves, aos tres anos.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción, interrompéndose pola iniciación do procedemento de execución con coñecemento do

interesado, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis de tres meses por causa non imputable ao infractor.

*Artigo 62º.-Cancelación.*

Unha vez cumprida a sanción e transcorridos seis meses no suposto de faltas leves e un ano no suposto das faltas graves e moi graves, cancelárase a nota do expediente persoal do colexiado e notificaráselle por escrito ao interesado este extremo.

*Artigo 63º.-Competencia para o seu exercicio.*

1. A potestade sancionadora correspóndelle á Xunta de Goberno. Non obstante, a responsabilidade disciplinaria dos membros da Xunta de Goberno será determinada polo presidente da comisión deontolóxica.

2. Non poderá impoñerse ningunha sanción disciplinaria que non sexa en virtude do expediente instruído para o efecto, conforme o procedemento establecido neste capítulo e, no seu defecto, conforme as normas do procedemento sancionador recollidas na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e normas que a desenvolven.

3. As sancións disciplinarias faranse constar no expediente persoal do interesado.

*Artigo 64º.-Órgano competente para a incoación do expediente e información reservada.*

1. O expediente incoarase, de oficio ou por instancia de parte, sempre mediante acordo da Xunta de Goberno.

2. Con anterioridade á iniciación do expediente, a Xunta de Goberno poderá decidir a instrución dunha información reservada co obxecto de determinar con carácter preliminar se concorren as circunstancias que xustifiquen tal iniciación.

*Artigo 65º.-Procedemento abreviado.*

Se da información reservada resultase a existencia de elementos de xuízo suficientes para cualificar unha infracción como leve, seguirase o procedemento abreviado previsto no seguinte artigo:

a) A Xunta de Goberno notificaralle ao interesado unha proposta de resolución e concederlle un prazo máximo de dez días para que formule as alegacións e achegue os documentos que xulgue pertinentes na súa defensa.

b) Recibidas as alegacións ou transcorrido o prazo concedido para iso, a Xunta de Goberno resolverá sen máis trámite.

*Artigo 66º.-Acordo de incoación.*

1. O acordo de incoación do expediente será redactado de modo preciso, co seguinte contido mínimo:

a) Identificación do presunto responsable.

b) Feitos que motivan a incoación do expediente, a súa posible cualificación e as sancións que puidesen

corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrución.

c) Instrutor e secretario, con expresa mención do réxime de recusación deles.

d) Indicación do dereito a formular alegacións e prazos para o seu exercicio.

2. O acordo de incoación será notificado ao interesado, e concederáselle un prazo improrrogable de quince días a partir da notificación para que o conteste e propoña as probas que xulgue pertinentes. Na notificación advertirase o interesado de que, de non efectuar alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento, o prego de cargos poderá ser considerado proposta de resolución.

3. Así mesmo, o acordo de incoación seralle notificado xunto co expediente completo ao instrutor, que no prazo de catro días hábiles desde a notificación poderá manifestar por escrito as causas de abstención que crea que concorren nel.

*Artigo 67º.-O instrutor.*

1. O instrutor designado desempeñará obrigatoriamente a súa función, a menos que tivese motivos de abstención e que esta fose aceptada pola Xunta. Esta poderá tamén designar secretario ou autorizar o instrutor para nomealo entre os colexiados.

2. O expedientado, dentro do prazo de cinco días desde a recepción da notificación do acordo de incoación, poderá manifestar por escrito ante a Xunta de Goberno as causas de recusación que crea que concorren nel.

3. Só se considerarán causas de abstención ou recusación o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, a amizade íntima ou inimidade manifesta ou ter interese persoal no asunto.

4. A Xunta de Goberno resolverá sobre a abstención ou recusación no prazo máximo de dez días. Contra o acordo que se adopte non cabe recurso ningún.

*Artigo 68º.-Proba.*

1. Recibidas as alegacións do interesado, o instrutor admitirá ou rexeitará as probas propostas polo interesado e acordará a práctica das admitidas.

2. Compételle ao instrutor realizar de oficio cantas actuacións resulten necesarias para o exame dos feitos, solicitando datos e informacións que sexan interesantes para o seu esclarecemento ou para a determinación das responsabilidades susceptibles de sanción.

*Artigo 69º.-Proposta de resolución.*

1. Concluída, de ser o caso, a proba, o instrutor formulará proposta de resolución, na cal se fixarán os feitos, precisando os que se consideren probados e a súa cualificación xurídica e especificando a sanción que propón que se impoña.



2. A proposta de resolución seralle notificada ao interesado, quen disporá dun prazo de dez días naturais desde a recepción da notificación para examinar o expediente e presentar escrito de alegacións.

3. A proposta de resolución cursarase inmediatamente ao órgano competente para resolver o procedemento, xunto con todos os documentos, alegacións e informacións que consten nel.

*Artigo 70º.-Resolución do expediente sancionador.*

1. Remitidas as actuacións da Xunta de Goberno do colexio, unha vez recibido o escrito de alegacións presentado polo expedientado ou transcorrido o prazo para facelo, esta resolverá o expediente na primeira sesión que realice e notificaralle a resolución ao interesado nos seus termos literais.

2. A Xunta de Goberno do colexio poderá devolverlle ao instrutor as actuacións para a práctica daquelas dilixencias que, tendo sido omitidas, resulten imprescindibles para a decisión. En tal caso, antes de remitirlle de novo o expediente á Xunta de Goberno, darase vista do actuado ao inculpado, co fin de que no prazo de dez días naturais alegue canto xulgue conveniente; este tempo non contará como prazo de alegacións.

3. A decisión pola que se poña fin ao expediente sancionador terá que ser motivada, e nela non se poderán aceptar feitos distintos a aqueles que serviron de base ao prego de cargos e á proposta de resolución, sen prexuízo da súa distinta valoración.

*Artigo 71º.-Recursos.*

1. Contra a resolución que poña fin ao expediente poderá o interesado interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes desde a súa notificación.

2. A interposición de recurso contra a sanción disciplinaria dentro do prazo establecido suspenderá a execución do acordo contra o que se recorreu. A suspensión levantarase unha vez que se resolva o recurso.

3. Contra a resolución do recurso de reposición que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa.

TÍTULO VII  
RÉXIME XURÍDICO

*Artigo 72º.-Presunción de validez.*

Os actos ditados polos órganos colexiais presúmense válidos e terán efecto desde a data da súa adopción ou notificación se neles non se dispón outra cousa. A interposición do recurso de reposición non suspenderá a execución do acto impugnado, salvo no caso de que a dita execución poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación ou se trate da imposición de sancións colexiais. Neste último caso a suspensión producirase de forma automática pola simple interposición do recurso potestativo de reposición.

*Artigo 73º.-Esgotamento da vía administrativa e recurso potestativo de reposición.*

Os actos dos órganos colexiais esgotan a vía administrativa e contra eles poderase interpoñerse recurso contencioso-administrativo conforme a lei xurisdiccional. Tamén se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, e contra a súa resolución, que terá que se producir no mesmo prazo, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo.

Os actos colexiais que non estean suxeitos ao dereito administrativo rexeranse polo dereito privado, sen prexuízo da observancia das normas sobre a formación da vontade dos órganos colexiais previstas nos seguintes estatutos.

*Artigo 74º.-Nulidade de pleno dereito dos actos dos órganos colexiais.*

Considéranse nulos de pleno dereito os actos dos órganos colexiais nos casos seguintes:

- a) Os que lesionen o contido dos dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os adoptados con manifesta incompetencia por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos dunha infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos de goberno deste colexio.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos cales se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

Do mesmo modo, considéranse nulos de pleno dereito aqueles acordos ou actos colexiais que sexan manifestamente contrarios á Constitución, ás leis ou a outras disposicións administrativas de rango superior, e as que impliquen a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais.

Os acordos emanados dos órganos colexiais, en canto suxeitos ao dereito administrativo, unha vez esgotados os recursos corporativos, serán susceptibles de recurso na vía contencioso-administrativa.

TÍTULO VIII  
DA DISOLUCIÓN

*Artigo 75º.-Disolución.*

O colexio poderá disolverse cando así o imponha directamente a lei, ou mediante acordo adoptado en asemblea xeral extraordinaria, expresamente convocada para o efecto, á cal deberá concorrer un número de colexiados non inferior aos dous terzos dos membros do censo, e sexa aprobado polos dous terzos dos presentes, cumprindo os restantes requisitos que

estabelece o artigo 29 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### *Disposicións transitorias*

Primeira.-Considérase, para todos os efectos, membro do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia, sen necesidade de nova colexiación, quen se tiver incorporado efectivamente ao colexio de acordo cos estatutos provisionais.

Segunda.-Mentres non sexa aprobado pola asemblea xeral o Regulamento de réxime interno, autorízase a Xunta de Goberno para ditar aquelas normas provisionais que sexan imprescindibles para a aplicación destes estatutos. As ditas normas serán posteriormente refrendadas pola asemblea xeral correspondente, sen menoscabo do funcionamento interno do colexio ata a aprobación delas.

Terceira.-Autorízase a Xunta de Goberno para establecer o importe das cotas de incorporación, así como das cotas ordinarias e extraordinarias que se deben xirar ata a realización da primeira asemblea xeral, na cal necesariamente se sometera á súa aprobación o importe das cotas establecidas pola Xunta de Goberno.

#### *Disposición derradeira*

Única.-No non previsto expresamente nestes estatutos observárase o disposto na Lei de colexios profesionais de 1974 e na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais na Comunidade Autónoma de Galicia que regula os consellos e colexios profesionais.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

*Decreto 215/2008, do 18 de setembro, polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da rolda da Muralla comprendido entre a Porta de Santiago e a Porta de San Pedro a prol do Concello de Lugo.*

O 17 de marzo do ano 2006 asinou un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Lugo para realizar as obras de acondicionamento e posterior entrega do tramo da rolda da Muralla comprendido entre a Porta de Santiago e a Porta de San Pedro.

A 16 de abril de 2007 o Servizo de Conservación e Explotación da Dirección Xeral de Obras Públicas emite informe favorable sobre o cambio de titularidade do tramo comprendido entre a Porta de Santiago e a Porta de San Pedro da rolda da Muralla a prol do Concello de Lugo.

O 17 de abril de 2007 a Dirección Xeral de Obras Públicas dá a súa conformidade á proposta formula-

da polo devandito servizo e a Subdirección Xeral de Estradas.

O 29 de febreiro de 2008 o Concello do Lugo manifesta a súa aceptación ao exposto no informe-proposta.

O artigo 54 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia establece: «as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características urbanas entregáranse aos concellos respectivos».

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes estimou adecuado o cambio de titularidade do treito comprendido entre a Porta de Santiago e a Porta de San Pedro da rolda da Muralla, susceptible de cesión ao concello por estar incluída no anexo II do Decreto 308/2003, do 26 de xuño, polo que se aproba a relación de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, facendo referencia a aquelas susceptibles de ser transferidas, por non dar continuidade a itinerarios ou ser treitos antigos de estradas en que se fixeron variantes de trazado, tendo en conta que a estrada citada adquiriu características netamente urbanas.

No treito comprendido entre a Porta de Santiago e a Porta de San Pedro na rolda da Muralla, previsto transferir, concorren as seguintes características: ten unha lonxitude de 610 m, discorre polo núcleo urbano de Lugo, dá servizo ao tráfico de ámbito local e dispón dun itinerario alternativo a través doutras vías que manteñen a continuidade da rede de estradas autonómicas.

Conforme o sinalado no artigo 5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, tras o acordo entre as administracións afectadas, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia en reunión do día dezoito de setembro do dous mil oito,

#### *DISPÓN:*

##### Artigo 1º

Apróbase o cambio de titularidade a favor do Concello de Lugo da rolda de Muralla, no tramo comprendido entre a Porta de Santiago e a Porta de San Pedro.

##### Artigo 2º

A estrada incorporárase á relación de estradas de titularidade do Concello de Lugo como sinala o artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

##### Artigo 3º

Correspóndenlle ao Concello de Lugo, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía; así como o exercicio das funcións de disciplina